

# Machine Learning Workshop Galicia

O CITIC organiza xunto coa Facultade de Informática da UDC a IV edición do prestixioso e referencial congreso sobre aprendizaxe das máquinas



## ↳ Programa:

09:00 - 09:30	Rexistro
09:30 - 09:45	Acto de apertura
09:45 - 10:15	Relatorio convidado I
10:15 - 11:30	Sesión de comunicacións II
11:30 - 12:00	Pausa para café
12:00 - 13:30	Sesión de comunicacións II e retos
13:30 - 14:00	Sesión de pósteres I
14:00 - 15:15	Pausa para comida
15:15 - 17:00	Sesión de comunicacións III
17:00 - 17:30	Sesión de pósteres II
17:30 - 18:15	Pausa para café
18:15 - 18:45	Relatorio convidado II
18:45 - 19:00	Acto de clausura

O Centro de Investigación TIC (CITIC) da Universidade da Coruña organiza xunto coa Facultade de Informática da UDC a IV Edición do Machine Learning Workshop Galicia (WGML2019).

Tralo éxito obtido nas anteriores edicións en Santiago de Compostela (WGML2016 e WGML2017) e Vigo (WGML2018), o 17 de outubro celébrase a cuarta edición na Facultade de Informática da UDC. Este congreso acollerá múltiples conferencias con máis dun centenar de participantes.

A base do congreso, a súa razón de ser, está no máis que notable incremento, a longo dos últimos anos, do interese da industria e da comunidade investigadora

polas tecnoloxías asociadas ao Aprendizaxe Máquina ou *Machine Learning*. Segundo lembran o CITIC e máis a FIC, coa irrupción das tecnoloxías *Big Data* (análise de datos a gran escala) a mellora dos algoritmos de aprendizaxe e a aparición do *Deep Learning* (aprendizaxe profunda), esta rama da Intelixencia Artificial estase a converter nun referente en practicamente calquera eido de coñecemento.

O comité científico do WGML2019 está integrado, entre outros, polos investigadores do CITIC Ricardo Cao Abad e Bertha Guijarro e polo CEO de Cinfo (empresa ubicada no CITIC), Antonio Rodríguez del Corral. Colaboran na organización o CITIUS da Universidade de Santiago de Compostela, o CESGA, e atlantTIC da Universidade de Vigo. ■

## O CITIC colabora no CyberSec@GAL

O CITIC colabora no encontro CyberSec@GAL, o primeiro foro galego sobre seguridade na empresa dixital, impulsado pola Cátedra R en Ciberseguridade. Terá lugar do 14 ao 17 de outubro na Coruña, Santiago e Vigo. O evento consiste en catro xornadas de talleres, ciber-retos e charlas, nas que se falará de solucións, normativas, desafíos e ameazas para a seguridade na contorna dixital. Está dirixido, por unha banda, a estudantes e recentemente licenciados e, por outra, ao ecosistema empresarial, da man de expertos nacionais e internacionais que expoñerán diferentes aspectos no ámbito da ciberseguridade. Durante a xornada de clausura entregaranse seis premios valorados en 2.600 € en total.